

## ANUNCIO

O Sr. Alcalde de Ponteareas, D. Xosé Represas Giráldez, na resolución núm. 2020-3079 de data 3 de decembro de 2020, acordou prestar aprobación ás “Bases e convocatoria para a concesión de axudas directas á hostalaría e outros establecementos de Ponteareas polo peche dende o 7 de novembro ata o 4 de decembro de 2020 como consecuencia dos efectos da Covid-19” en réxime de concorrencia competitiva tal como figuran redactadas. **Publicar a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), así como publicar as bases de formularios no Taboleiro de anuncios municipal e na páxina web do Concello. O prazo de admisión de solicitudes será de 7 días naturais** e comezará a contar a partir do día seguinte á publicación do extracto remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións ao Boletín Oficial da Provincia.

Estas axudas rexiranse polas seguintes :

### **BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DIRECTAS Á HOSTALARIA E OUTROS ESTABLECEMENTOS DE PONTEAREAS POLO PECHE DENDE O 7 DE NOVEMBRO ATA O 4 DE DECEMBRO DE 2020 COMO CONSECUENCIA DOS EFECTOS DA COVID 19**

A crise provocada pola expansión do COVID19 creou un novo escenario social e político que implicou e implica a adopción de medidas por parte dos diferentes Gobernos, do Estado, Xunta de Galicia e municipais.

Diante da expansión da COVID-19 que está xerando unha profunda crise sanitaria, o que derivou na aprobación de diversa normativa, e na máis recente:

O Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarou o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

DECRETO 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (DOG Núm. 223-Bis Mércores, 4 de novembro de 2020).

ORDE do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.



(DOG Núm. 223-Bis Mércores, 4 de novembro de 2020 ). Nesta Orde dispónse no punto 4 do apartado segundo, **que serán aplicables ao Concello de Ponteareas** as medidas máis restritivas dos anexos II e III e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo I.

Medidas de conformidade coa normativa autonómica, de aplicación dende o día 7 de novembro ás 00:00 h. ata o día 4 de decembro de 2020 ás 15:00 h. salvo prórrogas ou cambios normativos:

- Limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno: Entre as 23:00h e as 06:00h, non se poderá circular polas vías o espazos públicos coas excepcións de actividades esenciais.
- Limitación da entrada e saída de persoas no ámbito territorial do Concello de Ponteareas.
- **Suspensión e peche temporal de establecementos públicos, como salas de bingo e de xogo, tendas de apostas, salóns recreativos, parques multioicio, salas de concertos, salas de festas, pubs, discotecas, cafés-espectáculo, centros de ocio infantil e xuvenil e ludotecas. Así mesmo, producirase o peche temporal de establecementos de restauración, como restaurantes, salóns de banquetes, cafeterías, bares ou furanchos.** Só poderán ofertar os servizos de recollida no local ou entrega a domicilio.

Derivado da citada resolución da Xunta de Galicia estanse a producir importantes perdas e consecuencias económicas no ámbito da hostalería, unha das actividades máis importantes a nivel municipal.

Diante desta situación, dende o goberno municipal consideramos necesario acompañar á hostalería e outros establecementos afectados que están pechados nestas 4 semanas. Estas circunstancias excepcionais xustifican o interese público, social, económico e humanitario que dificultan a convocatoria de axudas en réxime de concorrencia competitiva e xustifican a concesión de axudas en réxime de concesión directa, e cun procedemento de tramitación de urxencia, que permitan reducir os prazos fixados para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

O obxectivo é protexer o interese xeral dos cidadáns de Ponteareas, prestando apoio inmediato ás persoas autónomas e empresas do sector da hostalería e outras actividades afectadas para minimizar o inevitable dano económico causado pola crisis sanitaria da COVID-19 na economía local e pola aplicación do peche destas actividades acordado pola Xunta de Galicia. Estas axudas estarán reguladas polas seguintes bases:

## **PRIMEIRA: NORMATIVA APLICABLE**



Esta convocatoria rexerese, con carácter xeral, polo disposto nas bases reguladoras, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (en diante RLXS), pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas Bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2020 e, ademais, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e calquera outra disposición normativa que pola súa natureza poida ser de aplicación.

Estas subvencións concederanse de forma directa, en aplicación do previsto no artigo 22. apartado 2.c da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, por concorrer razóns de interese público, económico, social e humanitario, en virtude das circunstancias provocadas pola crise sanitaria da COVID-19 e as resolucións da Xunta de Galicia publicadas no DOGA do 4 de novembro pola incidencia directa nun sector económico clave a nivel municipal.

Estas axudas estarán amparadas no Regulamento (UE) Nº 1407/2013 DA Comisión do 18 de decembro relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.

## SEGUNDA: FINANCIAMENTO:

A contía destinada a esta convocatoria é de 25.000,00 euros. O outorgamento destas axudas será con cargo á Aplicación Orzamentaria número 43000-4801900 do estado de gastos do Orzamento do Concello de Ponteareas 2020.

## TERCEIRA: OBXECTO DAS AXUDAS

O obxecto destas axudas é paliar o impacto económico que tivo a crise sanitaria derivada da ORDE da Xunta de Galicia, do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da **situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia**.

Concretamente, a axuda está destinada a axudar a paliar **gastos correntes** directamente relacionados coa actividade comercial de cada unha das persoas beneficiarias, incorridos durante o período comprendido entre o 7 de novembro e o 4 de decembro de 2020. Este gastos serán demostrados polas persoas interesadas, e abrangueran gastos tales coma recibos de aluguer, asesoría, suministro de luz, auga, lixo..., cota correspondente da Seguridade Social das persoas solicitantes autónomas, entre outros, sempre e cando sexan gastos correntes da actividade e directamente relacionados con esta. Non serán imputables os gastos correntes de aprovisionamento de materias primas e ou mercadorías para o



desenvolvemento da actividade ( tales como por exemplo produtos alimenticios).

#### **CUARTA: PERSOAS BENEFICIARIAS**

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas traballadores autónomas e empresas, que exerzan a súa actividade económica no Concello de Ponteareas, nalgunha das actividades que tiveron que pechar dende o 7 de novembro ata o 4 de decembro de 2020, como consecuencia da ORDE da Xunta de Galicia, do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e as especificamente aplicables no Concello de Ponteareas.

Para estes efectos consideraranse beneficiarias ás persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dun negocio no Concello de Ponteareas, afectadas pola citada ORDE da Xunta do 4 novembro incluídas tamén as Tendas - Bar que exerzan a súa actividade económica no Concello de Ponteareas, e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser persoa traballadora autónoma, incluídos no réxime especial de traballadores autónomos. Entenderanse incluídos todas as persoas traballadoras aos que se refire o artigo 1 da Lei 20/2007, de 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, coa excepción dos autónomos colaboradores (cónxuxe ou familiares ata o segundo grado de consanguinidade, afinidade ou adopción que convivan coa persoa traballadora autónoma titular da actividade económica, realicen traballos retribuídos e non teñan a consideración de traballadores por conta allea).

b) Atoparse de alta no correspondente réxime de Seguridade Social.

c) Ter cesado a súa actividade o 7 de novembro de 2020 a partir das 00:00 horas conforme ao acordo da Xunta de Galicia.

d) Estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS) con ATRIGA e non ten débedas pendentes co Concello de Ponteareas.

Consideraranse beneficiarias as persoas xurídicas que sexan titulares dun negocio no Concello de Ponteareas que tivo que pechar como consecuencia da cita ORDE da Xunta de Galicia do 4 de novembro de 2020 e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser sociedades legalmente constituídas.



b) Ter cesado a súa actividade o 7 de novembro de 2020 a partir das 00:00 horas conforme ao acordo da Xunta de Galicia.

c) Estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS) con ATRIGA e non ten débedas pendentes co Concello de Ponteareas.

Concederase unha única axuda por persoa física ou xurídica solicitante.

## QUINTA.- CONTÍA

A axuda consistirá nunha cantidade económica única .

Concederase unha cantidade fixa de **300,00** € para as persoas físicas ou xurídicas que realicen no Concello de Ponteareas unha actividade que se viu afectada polo peche fixado na ORDE do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG Núm. 223-Bis Mércores, 4 de novembro de 2020 ). Nesta Orde dispónse no punto 4 do apartado segundo, **que serán aplicables ao Concello de Ponteareas:** - Suspensión e peche temporal de establecementos públicos, como salas de bingo e de xogo, tendas de apostas, salóns recreativos, parques multicio, salas de concertos, salas de festas, pubs, discotecas, cafés-espectáculo, centros de ocio infantil e xuvenil e ludotecas. Así mesmo, producirase o peche temporal de establecementos de restauración, como restaurantes, salóns de banquetes, cafeterías, bares ou furanchos.

## SEXTA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

1. A información para a obtención das axudas reguladas nesta convocatoria estará a disposición na Web do concello de Ponteareas e na sede electrónica.

2. As solicitudes realizaranse no modelo que se achega a esta convocatoria (Anexo I). A presentación da solicitude será feita pola persoa física ou polo representante legal da persoa xurídica titular do negocio, preferentemente por medios telemáticos a través da sede electrónica do Concello de Ponteareas ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia do extrato remitido pola Base de Datos Nacional de Subvencións e se disporá dun prazo de **7 días naturais para prodecir á solicitude**. Estas irán dirixidas ao Sr. Alcalde/Presidente.



3. A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo fixado, ou a falta de presentación da documentación esixida nestas bases, serán causas de inadmisión.

Á solicitude irá acompañada dos seguintes documentos:

- Certificado de Situación Censual tanto para persoas físicas coma para persoas xurídicas.
- Recibo do lixo do ano en curso ou liquidación de Facenda do último trimestre, para poder comprobar que o negocio está activo, e polo tanto afectado polo peche temporal decretado pola Xunta de Galicia dende o 4 de novembro de 2020.
- Certificado de número de conta bancaria.
- Factura ou facturas orixinais e xustificante ou xustificantes de pago de **gastos correntes** relacionados directamente coa actividade por importe ou importes de alomenos 300,00 euros de base imponible, nos que as persoas beneficiarias teñan incorrido durante as datas nas que se decreta o peche (dende o 7 de novembro ata o 4 de decembro de 2020). Non se aceptarán pagos en efectivo como xustificante de pagamento, nin gastos correntes de aprovisionamento de materias primas e ou mercadorías.
- De forma voluntaria, as persoas físicas e xurídicas interesadas, poderán presentar os correspondentes certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), fronte á Seguridade Social (TGSS) con ATRIGA e de non ter débedas pendentes co Concello de Ponteareas. De non ser posible a súa presentación, serán comprobados de oficio polo Concello de Ponteareas.

O formulario para a solicitude estará a disposición das persoas interesadas na Páxina Web do Concello de Ponteareas.

### **SÉPTIMA: INSTRUCCIÓN E PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN**

A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase conforme co establecido nos artigos 22.2 e 28 da LXS.

O procedemento para a concesión desta axuda iniciarase, unha vez aberto o prazo de presentación de solicitudes.

O Alcalde designará ás persoas empregadas responsables do procedemento de tramitación e resolución de concesión da axudas.

Se a solicitude non cumpre os requisitos establecidos na presente norma reguladora da convocatoria, o órgano competente requirirá á persoa interesada para que o solucione no prazo máximo e improrrogable de **5 días naturais**, indicándolle que, de non solucionar as deficiencias ou non



achegar a documentación requirida, entenderase que a persoa física ou xurídica solicitante ten desistido da súa solicitude.

Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, o alcalde formulará semanalmente propostas de resolución provisional debidamente motivada, que será notificada as persoas interesadas mediante publicación no taboleiro Web e de anuncios do Concello de Ponteareas, concedendo un prazo de 5 días naturais para presentar alegacións.

Despois de examinar as alegacións, de ser o caso, unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento. A resolución, ademais de conter a relación de persoas solicitantes ás que se lles concede a subvención, fará constar, no seu caso expresamente, a desestimación das solicitudes que non cumpran os requisitos.

A resolución de concesión e/ou denegación das axudas corresponderá ao Sr. Alcalde-Presidente.

A resolución das axudas efectuarase por orde de entrada das solicitudes que reúnan todos os requisitos para poder ser valoradas ata esgotarse o crédito orzamentario destinado a esta convocatoria de axudas. No caso de que haxa que corrixir algunha solicitude, considerarase a estes efectos a data na que a solicitude este completa e sexa posible a súa valoración.

As resolucións que se ditén neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso administrativo de Pontevedra, de conformidade co previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro. Non poderán simultanearse ambos os dous recursos.

## **OITAVA: FORMA DE PAGO**

Coa resolución definitiva de concesión de axudas, se procederá ao pagamento do 100% da axuda, posto que as condicións para a obtención da axuda foron xa demostradas e xustificadas no momento da solicitude.

## **NOVENA: OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS**

Son obrigas da persoas beneficiarias:

1ª) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola lexislación vixente en materia de subvencións.



2ª) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados nos artigos 36 e 37 da LXS, e en particular, por obter do Concello de Ponteareas subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a tivesen impedido, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.

#### **DÉCIMA: PROTECCIÓN DE DATOS ACHEGADOS COA SOLICITUDE:**

O tratamento dos datos persoais achegados polas persoas solicitantes ao Concello de Ponteareas, fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao Concello de Ponteareas determinará a exclusión da persoa interesada no procedemento.

#### **UNDÉCIMA: COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS**

Estas axudas son compatibles con calquera outra subvención, ingresos ou recurso para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou entidades públicas ou privadas, autonómicas, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. En ningún caso o importe da subvención unido ao de outras posibles axudas, para a mesma finalidade, poderán superar o 100% do gasto correntes nos que se teña incorrido e imputado nesta convocatoria de axudas.

#### **ANEXO I**

<b>BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DIRECTAS Á HOSTALARIA E OUTROS ESTABLECEMENTOS DE PONTEAREAS POLO PECHE DENDE O 7 DE NOVEMBRO ATA O 4 DE DECEMBRO DE 2020 COMO CONSECUENCIA DOS EFECTOS DA COVID 19</b>	
<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>	
<b>DNI:</b>	<b>NOME:</b>





<b>CIF:</b>	<b>RAZÓN SOCIAL:</b>	
<b>DOMICILIO</b>	<b>LOCALIDADE</b>	<b>C.P.</b>
<b>TELÉFONO</b>	<b>e-mail</b>	<b>Nº CONTA COTIZACIÓN S.S.</b>
<b>DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL OU APODERADO/A</b>		
<b>NOME A APELIDOS</b>	<b>TELÉFONO</b>	<b>e-mail</b>
<b>PERSOA DE CONTACTO PARA ACLARACIÓNS SOBRE A SOLICITUDE</b>		
<b>NOME A APELIDOS</b>	<b>TELÉFONO</b>	<b>e-mail</b>
<b>DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non cubrir se e o mesmo do solicitante)</b>		
<b>DOMICILIO</b>	<b>LOCALIDADE</b>	<b>CP</b>
<b>DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑA A ESTA SOLICITUDE</b>		
<input type="checkbox"/> <b>DNI da persoa solicitante</b> <input type="checkbox"/> <b>CIF da entidade</b> <input type="checkbox"/> <b>Escritura de constitución da persoa xurídica, inscrita no correspondente Rexistro.</b> <input type="checkbox"/> <b>DNI do representante (no seu caso)</b>		



**Facturas e Pagos que imputa á subvención**

**Poder do representante e da que presenta a solicitude no caso de non ser a mesma persoa.**

**Certificado de Situación Censual**

**Recibo do lixo do ano en curso ou liquidación de Facenda do último trimestre.**

**Certificado de conta bancaria.**

A persoa abaixo asinante, presenta esta solicitude, perante o concello de Ponteareas, asumindo a totalidade da regulación aplicable á presente convocatoria con todas as obrigas que da mesma se deriven, o tempo que declara, a veracidade dos datos nela citados e autoriza ao concello de Ponteareas para consultar nas distintas administracións públicas a súa situación en relación a:

Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT

Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias coa ATRIGA

Estar ao corrente no pagamento das obrigas sociais coa SEGURIDADE SOCIAL

Estar ao corrente no pagamento das obrigas tritutarias do ORAL e concello

No nome da entidade solicitante e como representante da mesma, acepto a subvención no caso de ser concedida e nos termos nos que se me conceda.

Ponteareas, ..... de ..... de 2020.



(Sinatura do solicitante)



## ANEXO II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. / Dna.:

con DNI nº:

na súa condición de:

tendo solicitado ao Concello de Ponteareas participar na convocatoria de AXUDAS DIRECTAS Á HOSTALARIA E OUTROS ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS DE PONTEAREAS POLO PECHE DO 7 DE NOVEMBRO ATA O 4 DE DECEMBRO 2020 COMO CONSECUENCIA DA COVID-19

#### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

a).- Que non teño pendente a xustificación ningunha subvención recibida do Concello de Ponteareas.

b).- Que nin a persoa física solicitante nin, no seu caso, os representantes legais da persoa xurídica solicitante, se atopan en ningún dos supostos de exclusión para a obtención de axudas públicas á que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións.

c).- Que a persoa física ou xurídica solicitante atopase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, segundo o previsto nos artigos 18 e 19 do Regulamento de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo.

d).- Que a persoa física ou xurídica solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas co Concello de Ponteareas.



e).- Que a persoa física ou xurídica solicitante está ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións nos termos do artigo 21 do citado Regulamento.

f).- Que a actividade que realizo viuse afectada polo peche fixado na ORDE do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ponteareas, ..... de ..... de 2020.

(Sinatura do declarante)



**ANEXO III****DECLARACIÓN DE OTRAS AXUDAS**

D. / Dna.:

con DNI nº:

na súa condición de:

tendo solicitado ao Concello de Ponteareas participar na convocatoria de AXUDAS DIRECTAS Á HOSTALARIA E OUTROS ESTABLECEMENTOS PÚBLICOS DE PONTEAREAS POLO PECHE DO 7 DE NOVEMBRO ATA O 4 DE DECEMBRO 2020 COMO CONSECUENCIA DA COVID-19

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

1.- Que en relación a outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para esta mesma finalidade ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.

Solicitou e/ou se lle concedeu outra axuda para esta mesma finalidade ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

<b>ORGANISMO</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>DISPOSICIÓN REGULADORA</b>

2.- Que en relación coas axudas de minimis:

Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda de minimis



Solicitou e/ou se lle concederon axudas de minimis, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE	DISPOSICIÓN REGULADORA

Ponteareas, .....de ..... de 2020

(Sinatura do declarante)

